

## O ROL DA MULLER NA LITERATURA DE TRADICIÓN ORAL



Darío Campos (esquerda) e Cesáreo Sánchez. EP



# As donas serán as protagonistas da xornada luguesa de tradición oral

► A Asociación de Escritores en Lingua Galega organiza a sesión o día 27 na Deputación

R.L.  
✉ cultura@elprogreso.es

LUGO. Camiño Noia, Anxos Sumai, Faia Díaz ou Lupe Blanco son algunhas das voces expertas que se escoitarán na XI Xornada de Literatura de Tradición Oral que celebrará na Deputación de Lugo a Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG) o vindeiro día 27 de outubro, nunha edición dedicada ás mulleres.

Seis investigadoras e creadoras revisarán desde unha perspectiva crítica o rol das mulleres nos diversos xéneros da literatura oral. A inscrición é gratuítá e pode facerse a través da web da AELG.

A xornada arrancará cunha conferencia de Camiño Noia sobre o papel da muller nos contos.

A continuación, a avogada Estefanía Lodeiro abordará a violencia de xénero a través do refraneiro popular. E a sesión rematará cunha mesa redonda das dúas investigadoras baixo o título 'A muller imaxinada como paradigma da muller de carne e óso'.

No serán, a escritora Anxos Sumai tratará da demonización da muller sabia coa conferencia 'Meigas: as mulleres sanadoras

Anxos Sumai, Estefanía Lodeiro, Camiño Noia e Faia Díaz serán as relatoras; Alba María e Lupe Blanco farán un recital

contra a orde masculina', e ás 17.00 horas, Faia Díaz Novo falará da visión da sociedade que transmitiron a través do cancionero as mulleres vinculadas ao traballo no wolframio. A sesión rematará cunha nova mesa redonda e posteriormente, un recital de regueifas a cargo de Alba María e Lupe Blanco pechará as xornadas.

O presidente da AELG, Cesáreo Sánchez, e os vogais en Lugo deste colectivo, Antonio Reigosa e Lois Pérez, presentaron onte o programa na Deputación de Lugo, onde asinaron un convenio de colaboración co presidente da institución, Darío Campos, polo que se achega 25.000 euros á organización de diferentes actividades literarias na provincia.

Os representantes da AELG agradeceron a implicación da Deputación nesta programación. Sánchez Iglesias, sinalou «a frutífera» colaboración co Goberno provincial, que permite «darlle continuidade a un proxecto a longo prazo como é a posta en valor da tradición oral».

Pola súa banda, Campos destacou o apoio que o executivo provincial lle presta en particular ás xornadas de literatura oral, que financia desde o seu inicio no ano 2008, «e que converteron Lugo nun referente. Somos a capital da literatura oral: polas iniciativas que se desenvolven e pola gran riqueza do noso patrimonio».